



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Galega: Norma e Usos		Código	613G02038
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Definición e análise das relacións entre norma e usos na lingua galega. Estudo e descripción das linguaxes técnicas e especializadas.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2	
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A4	
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15	
Dominar a gramática da lingua galega.	A21	
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega	A23	
Coñecer a variación lingüística da lingua galega	A25	
Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía	A29	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.	B1	



Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		C1	
Desenvolverse para o ejercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		C4	
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C7	

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Realidade lingüística e norma.	A constitución da norma Norma, estándar e variación
A variación interna da lingua	Factores de variación (sexo, idade etc.) Estilos e rexistros
A calidade da lingua	O concepto de calidade lingüística aplicado ao galego Marcas de calidade: grafía, fonética, morfosintaxe e léxico

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	30	50
Obradoiro	16	32	48
Lecturas	1	20	21
Recensión bilbiográfica	1	10	11
Traballos tutelados	1	10	11
Presentación oral	1	1	2
Proba mixta	1	5	6
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.  Entre estas actividades contémplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudiante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obligatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Recensión bilbiográfica	Cada estudiante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesor indicar ao longo do curso.
Traballos tutelados	Cada estudiante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escolleito entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudiante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".



Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, exercicios prácticos etc.
-------------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudiante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación		Cualificación
Metodoloxías	Descripción	
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respuestas.	40
Presentación oral	Cada estudiante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais (análise de textos, estudio de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	10
Recensión bibliográfica	Elaboración escrita dunha ou máis recensións bibliográficas de libros e/ou artigos pertinentes para a formación do estudiantado. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, así como a calidade lingüística.	15
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15

Observacións avaliación
Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliables/instrumentos de avaliação.
O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todo tipo de actividade ou proba deberá cumplir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.
O alumnado con matrícula parcial&nbsp;e/ou dispensa académica&nbsp;deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.
Na&nbsp;segunda oportunidade, en xullo,&nbsp;o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.
A cualificación de&nbsp;NON PRESENTADO/A&nbsp;será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua. A Coruña: UDC</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (1998-2004). Gramática da Lingua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra</li><li>- Ferreiro, M. (2001). Gramática Histórica Galega. II. Lexicoloxía. Santiago de Compostela: Laiovenzo</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo: Xerais</li><li>- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Laiovenzo</li><li>- Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.) (2005). Norma lingüística e variación. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega</li><li>- RAG / ILG (2003). Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. A Coruña: RAG / ILG</li><li>- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais</li><li>- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: UDC</li></ul>
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías